



## **A VECIÑANZA DO BURGO E A APDR DENUNCIAN A INSTALACIÓN DUNHA NOVA ANTENA NO PASARÓN E A FALTA DE CONTESTACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS IMPLICADAS**

Responsábeis do **Concello de Pontevedra** demandaron ao Pontevedra C.F. xustificar a instalación dun grupo de antenas de telefonía móbil nun espazo de titularidade pública antes de entregar as obras e a **Deputación Provincial de Pontevedra** ven de recoñecer que o Pontevedra C.F. debería retirar as seis antenas de telefonía que foron colocadas ilegalmente nunha torre de iluminación durante a reforma do estadio do Pasarón (obras dirixidas por dita institución provincial) ao ter usurpado a potestade da propiedade do estadio que en todo caso é pública municipal e non do club de fútbol.

Mentres se suceden este tipo de declaracións a veciñanza de O Burgo manifesta a súa sorpresa e indignación ante novos feitos, como é **a instalación durante o mes de marzo dunha nova antena de telefonía móbil** con orientación norte na mesma torre, onde ademais se realizaron modificacións na instalación existente denunciada.

A Asociación Veciñal de Santiago Peregrino do Burgo e a Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) poñen en coñecemento destes novos feitos ás mesmas autoridades aludidas, achegando como documentos gráficos fotos de outubro e Marzo de 2012, nos que se pode comprobar que no transcurso destas ultimas semanas de Marzo, fíxose ampliación e modificación en devandita instalación.

Este novo escrito súmase aos entregados ao Alcalde do Concello de Pontevedra e ao presidente da Deputación Provincial en outubro e decembro de 2011, esta último avalado por máis de 500 sinaturas da veciñanza do Burgo que reclamaban ademais da desinstalación destas antenas ilegais a creación dunha normativa municipal proteccionista que teña en conta as medidas de principio de cautela xa demandadas polo **Consello de Europa** para protexer da contaminación electromagnética á poboación (especialmente aos grupos de risco como infancia, mocidade, gravidez, ...).

A Asociación Veciñal de Santiago Peregrino do Burgo e a Asociación Pola Defensa da Ría (APDR), ante o desenvolvemento destes novos acontecementos e ante a falta de respecto e resposta que esta situación está alcanzando, promoverán actos informativos e asembleas invitando a outros grupos e asociacións veciñais a defender o dereito á saúde na resolución desta inxusta situación.

Outubro  
2011



Marzo  
2012

